



Tertulias Literarias

PROGRAMACIÓN abril - xuño 2015

6 de abril: entregamos...



Olive Kitteridge, de Elizabeth Strout

Premio Pulitzer 2009. Son trece relatos unidos por un nexo común, a profesora retirada Olive Kitteridge ofrece a súa óptica particular sobre a vida cotiá dunha pequena vila mariñeira do condado de Maine. Elizabeth Strout tamén gañou o National Book Award con este título.

Comentario: 4 de maio

20 de abril: Presentación de *Bibliotecarias e bibliotecarios "infames"* libro de F. X. Redondo Abal



Ensaio histórico sobre a represión do colectivo bibliotecario da II República en Galicia durante a ditadura franquista. Colectivo comprometido co proceso de alfabetización da poboación e o achegamento á cultura da lectura a través de diversas iniciativas.



4 de maio: entregamos...



El estandarte, de Alexander Lernet-Holenia

En 1918 un mozo oficial do exército imperial austríaco reincorpórase a filas tras un período de convalecencia. No seu destino en Belgrado, namórase de Resa Lang, unha dama da corte de María Antonia de Austria, e decide conquistala. Obra considerada como unha das mellores novelas escritas sobre o fin do Imperio Austrohúngaro.

Comentario: 18 de maio

18 de maio: entregamos...



Futuro imperfecto, de Xulia Alonso Díaz

Durante as décadas de 1980 e 1990, moitos mozos descubriron simultaneamente o amor e a droga. As consecuencias desa vivencia marcáronos para sempre, a algúns de xeito dramático. Este libro é un reencontro con ese tempo, coa súa presenza proxectada no futuro. Un futuro que xa non pode ser perfecto mais é esperanzado.

Comentario: 8 de xuño (remate da tempada)

1 de xuño: Presentación da obra *Falando claro* de Pepe Sendón



Reconstrución da vida aventureira de Claro José Sendón Lamela, xornalista e figura sobranceira do sindicalismo da 2ª República. A través dos seus textos transitaremos pola Semana Tráxica argentina, os anos 20 neiorquinos e a Gran Depresión, os tempos da 2ª República e finalmente a Guerra Civil.

